


# O XARDÍN DE IRENE



## Unha homenaxe a Xosé Neira Vilas.




A aula de 3º B do CEIP Virxe de Covadonga quere facer unha homenaxe ao escritor de Vila de Cruces, **Xosé Neira Vilas**, no mes de novembro (mes do seu falecemento) Escollemos o libro "**O xardín de Irene**", libro de poesía infantil; unha obra inspirada nunha nena da súa familia e coa que este recoñecido autor confesa "**xogar a través das palabras**".



### SOÑO

Soñou Irene unha noite  
que o seu xardín xa non era,  
as flores secan todas,  
xa non viñan as abellas  
e fôrase Brancaneves  
cos sete ananos traas dela.  
Ergueuse na mañanciña,  
ai!, o xardín non morrera.  
Reuse, bicou a un anano  
e abrazou forte á camelia.








Despois de ler os poemas deste precioso libro pensamos en ter o noso propio xardín na aula...poñémonos mans á obra!

Facemos flores en papel; @s nen@s de primeiro fan as súas usando a técnica do zentangle; para o 25 N (día contra a violencia de xénero) "plantamos" no noso xardín flores de cor violeta.

Queremos un xardín colorido e bonito todo o curso, por iso "regámolo" tódolos días coas nosas regadeiras máxicas; estan cheas de **LEDICIA, APERTAS, TOLERANCIA, BICOS...**



Aquí estamos todos regando o noso xardín, mentres recitamos o poema **BONITO** do libro "O xardín de Irene"; gústanos moito e sabémolo moi ben.

Na aula de quinto tamén o recitaron e fixeron debuxos moi chulos para adornalo.